

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.*

De acordo co disposto no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para o financiamento da formación que exceda do 25 % da xornada laboral e ás axudas a actividade laboral asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

O contrato para a formación e a aprendizaxe considérase unha modalidade contractual de interese público, tal e como vén explicitamente recoñecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro. Os seus destinatarios son os mozos e as mozas menores de 30 anos, colectivo especialmente afectado pola actual crise económica e que presenta elevadas taxas de desemprego. Non obstante, as persoas mozas non constitúen un grupo homoxéneo, son as máis desfavorecidas, é dicir, as que teñen menores cualificacións, as que requiren respostas máis específicas e maiores esforzos por parte de todos, polo que resulta unha obriga para as administracións públicas adoptar todas as medidas posibles para impartirlles a formación necesaria para aumentar as súas posibilidades de incorporación ao mercado de traballo. Desde a Consellería de Traballo e Benestar quérese realizar unha aposta especialmente importante por incentivar a contratación a través do contrato de formación e aprendizaxe, xa que así se podería formar aos mozos e mozas mentres perciben unha retribución polo seu traballo, amparados por un contrato con todas as garantías legais e cun salario estipulado normativamente e axustado ao convenio colectivo e en todo caso permanentemente supervisado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.



Os incentivos establecidos nos capítulos II e III desta orde configúranse como un programa autonómico que a Xunta de Galicia incluírá no Programa anual de políticas de emprego (PAPE) para o 2015 como programa propio dentro do eixe 2 «Formación».

As bases que rexen os programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

CAPÍTULO I  
**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria pública das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, que se realicen con mozos e mozas menores de 30 anos, a través dos seguintes programas:

- a) Programa de incentivos á formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe (TR301Q).
- b) Programa de incentivos á actividade laboral do contrato para a formación e a aprendizaxe (TR349G).



2. As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 11/2004, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

4. É obxecto desta orde, proceder á convocatoria para o ano 2015 dos seguintes programas:

– Programa de incentivos á formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe (TR301Q).

– Programa de incentivos á actividade laboral do contrato para a formación e a aprendizaxe (TR349G).

## Artigo 2. Orzamentos

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.



2. No exercicio económico 2015, as axudas recollidas no capítulo II desta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.03.323A.471.0 (700.000 euros para o ano 2015 e 300.000 euros para o ano 2016) e no programa 11.03.323A.460.1 código de proxecto 2013 00 545 (700.000 para o ano 2015 e 300.000 para o ano 2016), e as axudas recollidas no capítulo III desta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.02.322C.471.0 código de proxecto 2015 00 560 cun crédito de 250.000 euros; 11.02.322C.460.4, código de proxecto 2015 00560 cun crédito de 400.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

### Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta orde, entenderase:

A) Persoa desempregada: aquela que estea inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego na data de alta na Seguridade Social realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

O órgano xestor comprobará directamente que a persoa traballadora pola que se solicita subvención carece de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social.

B) Persoa moza desempregada sen cualificación: aquela persoa que tendo menos de 30 anos de idade no momento da súa contratación careza da cualificación profesional



obtida e recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou ocupación obxecto do contrato.

Este límite de idade non será de aplicación cando o contrato se concerte con persoas con discapacidade nin con colectivos en situación de exclusión social previstos na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, nos casos en que sexan contratados por parte de empresas de inserción que estean cualificadas e activas no rexistro administrativo correspondente.

C) Persoa moza inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil: aquelas mozas e mozos desempregados, de dezaseis ou máis anos e menores de vinte e cinco, ou menores de trinta no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, que estean inscritos no ficheiro do Sistema de nacional de garantía xuvenil, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e aqueles que superando estas idades non fosen atendidos previamente de acordo co disposto no artigo 101.4 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

Ademais, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, deberán manter o cumprimento do requisito de non ter traballado nos trinta días naturais anteriores á data da contratación obxecto de subvención.

D) Custo salarial: o importe mensual que lle vai supoñer á empresa ter unha persoa traballadora contratada. Nel están incluídos única e exclusivamente o salario bruto e os custos sociais a cargo da empresa.

#### Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de



concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, agás as entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia para os programas establecidos nos capítulos II e III desta orde de convocatoria.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación coas pemes e conforme o disposto no número 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02) en relación coas grandes empresas.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia dun convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.



e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en virtude da cal se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria os solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

#### Artigo 5. *Competencia*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo II desta orde de convocatoria, por delegación da persoa titular da consellería



de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego e Formación.

2. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo III desta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

#### Artigo 6. *Solicitudes e prazo*

1. Cando as persoas interesadas teñan a consideración de entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia, a presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Para todas as demais persoas interesadas, as solicitudes deberán presentarse, preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, estas últimas tamén poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.





A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Tamén se poderá presentar presencialmente na Dirección Xeral de Emprego e Formación e na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando o número de rexistro de entrada da solicitude no suposto de ter feito a presentación electrónica previa.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixe, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

6. O prazo para a presentación das solicitudes das axudas establecidas no capítulo II y III comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde e rematará:

– Para as empresas, o 30 de setembro de 2015.

– Para as entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia, o 15 de novembro de 2015.

7. No caso de que a entidade solicitante sexa unha empresa, tanto para as axudas establecidas no capítulo II como no capítulo III, se a contratación subvencionable se formalizase entre o 1 de outubro de 2014 e a data de publicación desta orde, o prazo de



presentación de solicitudes será dun mes desde a entrada en vigor desta orde. Neste suposto, entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación desta orde. Se o último día de prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último día do mes.

8. As axudas previstas polas contratacións subvencionables establecidas no capítulo II e no capítulo III realizadas polas empresas a partir da entrada en vigor desta orde, deberán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral.

#### Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Para estes efectos, o modelo de solicitude (anexo I e anexo II-A) inclúe a autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberá achegar os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas bases reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán ir acompañadas dos documentos ou informacións previstos nesta orde, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Atriga, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de



ño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste caso presentará a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. A persoa interesada, mediante o anexo I no caso das axudas establecidas no capítulo II e o anexo II-A no caso das axudas establecidas no capítulo III desta orde, poderá autorizar expresamente á Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade. En caso de non prestar a autorización deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

#### Artigo 8. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación do capítulo II desta orde, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado ficheiro «Formación» (Servizo Público de Emprego), co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o responsable



do ficheiro (Servizo Público de Emprego de Galicia). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei poderán exercerse dirixindo un escrito á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego de Galicia, como responsable do ficheiro no enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou no seguinte enderezo: [lopd.traballo.@xunta.es](mailto:lopd.traballo.@xunta.es).

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación do capítulo III desta orde, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a [lopd.traballo.@xunta.es](mailto:lopd.traballo.@xunta.es).

#### Artigo 9. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes correspondentes ao capítulo II desta orde de convocatoria será a Dirección Xeral de Emprego e Formación. O órgano instrutor dos expedientes correspondentes ao capítulo III desta orde será o Servizo de Fomento da Contratación por Conta Allea da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

3. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exigida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou



presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo da resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

4. Cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda, entenderase que a empresa desiste da súa solicitude. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

#### Artigo 10. *Resolución e recursos*

1. Logo da fiscalización pola correspondente intervención da proposta emitida polo correspondente servizo instrutor, a resolución ditaraa o órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e seralle notificada á persoa interesada. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de cinco meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



### Artigo 11. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

### Artigo 12. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As subvencións previstas no capítulo II desta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das horas de formación que excedan o 25 % da xornada laboral asociadas aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

2. As axudas previstas no capítulo III desta orde para as contratacións de formación e aprendizaxe son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 13. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



b) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, tal e como establece o artigo 11.d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

Agás aquelas entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, as entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable adecuado para os gastos obxecto de subvención.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, segundo o previsto no artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



#### Artigo 14. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o disposto nos capítulos II e III desta orde de convocatoria.

2. As obrigas de reintegro establecidas nos capítulos desta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### Artigo 15. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

#### Artigo 16. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración de Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

2. A Dirección Xeral de Emprego e Formación para os incentivos establecidos no capítulo II e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, para os incentivos establecidos no capítulo III poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e nas resolucións de concesión.

3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.





**Artigo 17. Réxime de axudas**

1. As axudas establecidas nesta orde, no caso de que o beneficiario sexa unha empresa quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1487/2013 da Comisión, do 18 de decembro.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non se poderá conceder a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 1379/2013 do Consello.

b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

i) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

ii) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade repercuta nos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.



## CAPÍTULO II

**Programa de incentivos á formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe (TR301Q)***Artigo 18. Ámbito temporal de aplicación e accións subvencionables*

1. Sera subvencionable ao abeiro deste programa a formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe, que exceda o 25 % da xornada laboral e que se realice no ano 2014 e no ano 2015, con anterioridade ao 15 de novembro do ano 2015, no caso das entidades locais, e con anterioridade ao 30 de setembro do ano 2015, no caso das empresas. En todo caso, só serán subvencionables os gastos de formación posteriores ao 14 de novembro de 2014.

No suposto de que as persoas traballadoras contratadas con posterioridade ao 24 de xaneiro de 2015, sexan persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil só será subvencionable a formación que exceda o 50 % da xornada laboral.

2. O contrato para a formación e a aprendizaxe deberá adecuarse ao establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

3. As entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia poderán solicitar as axudas previstas neste capítulo con anterioridade á realización dos contratos para a formación e a aprendizaxe.

As empresas e as entidades empregadoras deberán solicitar esta axuda con posterioridade á realización dos contratos para a formación e a aprendizaxe.

*Artigo 19. Requisitos*

1. Os incentivos establecidos neste programa serán de aplicación aos contratos de formación e aprendizaxe que se realicen con persoas traballadoras maiores de 16 e menores de 30 anos, que carezan da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou ocupación obxecto do contrato.

2. Os contratos para a formación e a aprendizaxe terán unha duración mínima dun ano e a máxima de tres. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.



3. As modalidades de desenvolvemento da formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe serán as previstas no artigo 3 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

4. A actividade formativa subvencionable será a necesaria para a obtención dun certificado de profesionalidade ou acreditación parcial acumulable, e deberá ser programada de acordo cos reais decretos que regulan cada certificado de profesionalidade.

A actividade formativa tamén poderá incluír formación complementaria asociada ás necesidades da empresa ou da persoa traballadora, que non se considerara traballo efectivo e que deberá ser autorizada xunto coa autorización de inicio da actividade formativa, polo que deberá estar programada no acordo para a actividade formativa.

Para os contratos que tivesen lugar con posterioridade ao 24 de xaneiro de 2015 a formación complementaria deberá corresponderse cunha ou varias das especialidades formativas incluídas no ficheiro de especialidades formativas previsto no artigo 20.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e polo tanto axustarase aos requisitos que figuran nos programas formativos que se atopan dispoñibles na páxina web: [www.sepe.es](http://www.sepe.es). No caso de que a formación complementaria non forme parte do ficheiro de especialidades formativas procederáse segundo o establecido na Resolución do 12 de marzo de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se establece o procedemento para a inclusión de novas especialidades no ficheiro de especialidades formativas.

5. A formación asociada ao contrato de formación e aprendizaxe vinculada a certificados de profesionalidade deberá ser impartida por un centro acreditado no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar creado polo Decreto 106/2011, do 19 de maio. Tamén se poderá impartir na propia empresa, que deberá estar acreditada conforme o establecido no artigo 18.4 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

#### Artigo 20. *Actividade formativa*

Previamente á autorización do contrato inicial e das súas prórrogas, a actividade formativa será autorizada pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.



A solicitude da dita autorización irá acompañada do acordo para a actividade formativa prevista no artigo 21 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, que deberá conter unha declaración relativa a que a persoa traballadora reúne os requisitos de acceso á formación establecidos na normativa reguladora.

Unha vez autorizado o inicio da actividade formativa procederá á formalización do contrato e do anexo relativo ao acordo para a actividade formativa nos termos sinalados no artigo 7 do dito real decreto.

#### Artigo 21. *Contía dos incentivos*

1. O importe da subvención concretarase no produto das horas de formación que excedan o 25 % da xornada laboral asociadas aos contratos de formación e aprendizaxe polo número de persoas traballadoras contratadas e polo importe do módulo económico, que será de oito euros para a modalidade de formación presencial e de cinco euros para a teleformación.

2. Serán subvencionables os gastos da formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe formalizados no ano 2014 e no ano 2015, con anterioridade ao 15 de novembro de 2015, no caso das entidades locais, e con anterioridade ao 30 de setembro do ano 2015, no caso das empresas.

#### Artigo 22. *Solicitudes e documentación*

Xunto coa solicitude deberá presentar a seguinte documentación complementaria:

- a) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude.
- b) Copia compulsada ou cotexada do NIF da entidade, só no caso de que non se autorice a súa consulta a través do servizo de interoperabilidade correspondente.
- c) Documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante, no suposto de que non autorice a súa verificación no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.
- d) Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.



e) No caso das empresas, contratos de traballo para a formación e a aprendizaxe formalizados.

f) No caso das entidades locais, resolución de autorización do inicio da actividade formativa.

g) Acordos para a actividade formativa no contrato para a formación e aprendizaxe, debidamente autorizados.

h) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia; no caso daquelas entidades que denegasen expresamente o consentimento ao órgano xestor para a súa solicitude.

i) Cronograma por anualidades, no cal se establezan as horas totais do contrato de traballo, as horas dedicadas á formación e as horas dedicadas ao traballo efectivo.

#### Artigo 23. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. Verificar o cumprimento polas persoas docentes dos requisitos exixidos pola normativa reguladora dos novos certificados de profesionalidade.

2. Pedirlles ás persoas traballadoras contratadas a documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar nas accións formativas de especialidades vencelladas a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 e verificar o cumprimento dos anteditos requisitos.

3. Avaliar o alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxecto de comprobar os resultados de aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade, no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, e na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, que desenvolve o Real decreto 34/2008, do 10 de outubro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

4. Remitir á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente, nun prazo non superior a tres meses desde a finalización da acción formativa, a documentación relativa ao proceso de avaliación e os cuestionarios de avaliación da calidade das accións formativas, comunicando a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva. Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, remitira-



se informe individualizado e acta da avaliación, segundo os modelos especificados nos anexos VI e VII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 10 de outubro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

5. Remitir á Dirección Xeral de Emprego e Formación as baixas das persoas traballadoras contratadas e as datas en que se producen. Non cabe substituír estas persoas por outros traballadores. Será subvencionable a formación impartida ás persoas que causaron baixa e estas persoas terán dereito á certificación da formación recibida.

6. Comunicar á Dirección Xeral de Emprego e Formación calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos cursos programados, no prazo de cinco días desde que se produza.

#### Artigo 24. *Pagamento*

1. O aboamento da subvención ás entidades beneficiarias farase efectivo da seguinte forma:

a) Logo da presentación por parte da empresa ou da entidade da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia, da xustificación dos gastos imputables á actividade formativa e do seu pagamento, realizarase o pagamento da subvención.

b) Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique os gastos ou pagamentos realizados. O importe dos pagamentos á conta que, se é o caso, se concedan non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Para a percepción dos pagamentos parciais, as entidades beneficiarias da subvención estarán exentas da constitución de garantías.

2. A xustificación dos gastos correspondentes ao ano 2015 deberá realizarse antes do 15 de decembro de 2015 e a dos gastos correspondentes ao ano 2016 deberá realizarse antes do 15 decembro de 2016.

3. Os xustificantes de gasto deberán cumprir co establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os xustificantes de pagamento o establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei.



Ademais, en aplicación do artigo 31.7 da antedita lei, non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres que o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### Artigo 25. *Diplomas*

1. As persoas traballadoras contratadas que finalicen con aproveitamento as accións formativas e sempre que asistan como mínimo ao 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia, que será elaborado pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.

2. No caso dos novos certificados de profesionalidade tamén terá que ter superado coa cualificación de apto a avaliación continuada do módulo formativo realizada polo docente e o exame previsto no artigo 19 da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

3. Nos dous casos anteriores, as persoas traballadoras contratadas que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e/ou módulos a que asistisen.

#### Artigo 26. *Reintegro*

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecerán na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. A gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no punto anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro do 100 % da subvención concedida. Igualmente considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 35 % dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de alumnos/as formados.

b) No suposto de incumprimento parcial:



O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendida entre o 35 % e o 100 % da subvención concedida, minorarase na porcentaxe que se deixara de cumprir, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

### CAPÍTULO III

#### **Programa de incentivos á actividade laboral do contrato para a formación e a aprendizaxe (TR349 G)**

##### *Artigo 27. Contratacións subvencionables*

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa os contratos para a formación e a aprendizaxe formalizados desde o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015 cando a entidade solicitante sexa unha empresa, e os contratos para a formación e aprendizaxe formalizados polas entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia desde o 15 de novembro do ano 2014 ata o 15 de novembro do ano 2015.

Tamén serán subvencionables as cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos contratos para a formación e aprendizaxe formalizados polos concellos de Galicia e subvencionados ao abeiro da convocatoria do ano 2014.

2. O contrato para a formación e a aprendizaxe deberá adecuarse ao establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

3. As entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia poderán solicitar as axudas previstas neste capítulo desta orde con anterioridade á realización dos contratos para a formación e a aprendizaxe sempre que coa solicitude acheguen o acordo para a formación autorizado pola persoa responsable da Dirección Xeral de Emprego e Formación. As empresas e as entidades empregadoras deberán solicitar esta axuda con posterioridade á realización dos contratos para a formación e a aprendizaxe.

##### *Artigo 28. Requisitos*

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións para a formación e a aprendizaxe que se realicen con persoas mozas desempregadas maiores de 16 anos e menores de 30 anos que carezan da cualificación profesional recoñecida polo Sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo requirida





para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou ocupación obxecto do contrato.

2. Os contratos para a formación e a aprendizaxe terán unha duración mínima dun ano e deberán ser realizadas con mozos e mozas desempregadas. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención ten que incrementarse o emprego neto da entidade no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención, agás que as contratacións sexan realizadas polas entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxas baixas se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

#### Artigo 29. *Contías dos incentivos*

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 €, sempre que a súa duración sexa de doce meses e a parte proporcional cando no caso de autorización mediante convenio colectivo a súa duración sexa inferior, e o tempo efectivo de traballo sexa igual ao 75 % da xornada de traballo, e a parte proporcional se a xornada de traballo é menor. Neste último caso, poderase subvencionar a cotización á Seguridade Social correspondente á persoa empregadora sempre que o contrato para a formación e a aprendizaxe sexa realizado por unha entidade da Administración local de Galicia e sen que en ningún caso a contía da subvención poida superar a contía máxima de 2.000 euros. No suposto regulado no artigo 27.1 segundo parágrafo a contía máxima será de 800 euros e polas primeiras 12 mensualidades do contrato subvencionado.

2. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.



Artigo 30. *Exclusións*

Á subvención regulada neste capítulo non será de aplicación:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade ou dos órganos de goberno dos concellos e deputacións provinciais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedido recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.



### Artigo 31. *Solicitudes e documentación*

1. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo II-A, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

a) No caso de non presentar a autorización para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, copia do DNI ou do NIE.

Se a persoa solicitante é persoa xurídica, DNI ou NIE da persoa representante e poder suficiente para actuar en nome da entidade e o NIF da empresa. No caso de que as contratacións sexan realizadas por concellos e deputacións provinciais da Comunidade Autónoma de Galicia, o poder suficiente substitúese por unha certificación do secretario en que conste a representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.

b) Declaración da media do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, segundo o anexo II-B.

c) Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención e a nómina do mes de contratación, segundo o anexo II-C.

d) Documentos TC2 correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de realización da contratación e, se é o caso, documentos TC2 correspondentes á mensalidade da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 28.3.

e) Acordos para a actividade formativa no contrato para a formación e a aprendizaxe autorizados pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Xunta de Galicia.

### Artigo 32. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento da subvención quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 20 de decembro de 2015. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá



outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación que hai que presentar é a seguinte:

a) Documento TC2 correspondente á mensualidade da contratación obxecto de subvención.

b) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, complementaria da presentada coa solicitude, segundo o anexo II-D.

c) Se é o caso, extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e a subvención concedida. Os documentos que se acheguen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron, as datas e os números dos asentos contables.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres que a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

#### Artigo 33. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias destas axudas terán a obriga de manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

#### Artigo 34. *Reintegro*

1. No suposto de extinción da relación laboral temporal dunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, por propia vontade desta, entenderase que se produce incumprimento parcial, e polo tanto procederá o reintegro parcial. A contía que se reintegrará será proporcional polo tempo que reste para o cumprimento da obriga establecida no artigo 33.



2. No suposto de extinción da relación laboral temporal dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, por morte ou por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez desta, entenderase que non se produce incumprimento, e polo tanto, non procederá o reintegro.

3. Nos demais casos entenderase que se produce un incumprimento total e, polo tanto, procederá o reintegro total dos incentivos.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

1. Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Emprego e Formación e na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións concesorias das que derivan, ditadas por delegación da conselleira.

2. Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Emprego e Formación e na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para a tramitación e resolución dos expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Emprego e Formación e a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para que diten, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2015

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA A EXECUCIÓN DAS HORAS DE FORMACIÓN QUE EXCEDAN DO 25% DA XORNADA LABORAL ASOCIADAS AOS CONTRATOS DE FORMACIÓN E APRENDIZAXE REGULADOS POLO RD 1529/2012, DO 8 DE NOVEMBRO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR301Q</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					


<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>	
Solicítanse as accións formativas que se relacionan a seguir	
Especialidade formativa/módulos formativos	Código
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: x9rorrbk7-smn7-ir86-eh99-bd9nfnfdcj6q7



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre os requisitos sinalados nesta e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

8. Que non ten a condición de empresa en crise, segundo á definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación coas pemes e conforme o disposto no número 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA O QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

<input type="checkbox"/> Copia de DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> Copia do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> No caso das empresas, contratos de traballo para a formación e aprendizaxe formalizados.				
<input type="checkbox"/> No caso das entidades locais, resolución de autorización do inicio da actividade formativa.				
<input type="checkbox"/> Acordos para a actividade formativa no contrato para a formación e aprendizaxe, debidamente autorizados.				
<input type="checkbox"/> Cronograma por anualidades no cal se establezan as horas totais do contrato de traballo, as horas dedicada á formación e as horas dedicadas ao traballo efectivo.				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de daquelas entidades que denegasen expresamente o consentimento ao órgano xestor para a súa solicitude.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Dirección Xeral de Emprego e Formación, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Dirección Xeral de Emprego e Formación para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI    NON (neste caso achegárase a documentación correspondente)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO I**  
(continuación)

Autorizo a Dirección Xeral de Emprego e Formación para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lop.d.traballo.benestar@xunta.es](mailto:lop.d.traballo.benestar@xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 20 do abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.


**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Emprego e Formación

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: x9rorrbk7-smn7-ir86-eh99-bd9mfndcj6q7



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DO CONTRATO PARA A FORMACIÓN E Á APRENDIZAXE	<b>TR349G</b>	SOLICITUDE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)  CNAE  DATA INICIO ACTIVIDADE

Nº DE CONTRATACIÓN POLAS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN  Nº INSCRICIÓN NA S.S.  Nº PERSOAS TRABALLADORAS DA EMPRESA (1)

(1) Nº de persoas traballadoras na empresa no ámbito territorial de Galicia

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 12 e non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 30 da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e se reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 4 da orde de convocatoria.

c) Non foi excluído/a do acceso aos beneficiarios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sanción na orde social.

d) Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					





**ANEXO II-A**  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

e) Que esta entidade ten concedidas en réxime de *minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia do NIF da entidade, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.
- Copia do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.
- No caso de que as contratacións sexan realizadas por concellos e deputacións provinciais da Comunidade Autónoma de Galicia, certificación do secretario en que conste a representación que desempeña a persoa que asina a solicitude (artigo 31).
- Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a contratación laboral da persoa traballadora contratada (anexo II-B) (artigo 31).
- Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención e a nómina do mes da contratación temporal (anexo II-C) (artigo 31).
- Documentos TC2 correspondentes as tres mensualidades anteriores ao mes de realización da contratación temporal e, se é o caso, documentos TC2 correspondentes á mensalidade da contratación obxecto de solicitude de subvención (artigo 31).
- Se é o caso, documentación acreditativa das baixas producidas polas causas previstas na base 2ª no artigo 28.3.
- Acordos para a actividade formativa no contrato para a formación e a aprendizaxe autorizados pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Xunta de Galicia (artigo 31).

\*A documentación exixida no artigo 31 ten que presentarse xunto coa solicitude

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Traballo e Benestar, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lop.d.traballo.benestar@xunta.es](mailto:lop.d.traballo.benestar@xunta.es)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 20 do abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data  
 ,  de  de





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO II-B

**PROGRAMA DE FOMENTO DO CONTRATO PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE  
DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**CADRO DE PERSOAL NOS TRES MESES ANTERIORES AO MES DA CONTRATACIÓN**

MESES	Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS INCLUÍDAS NO TC DO MES DE REFERENCIA <sup>(1)</sup>	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ARTIGO 28 <sup>(2)</sup>
TOTAIS	A	B

<sup>(1)</sup> Deberán incluírse todas as persoas traballadoras polas que se cotizou no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>(2)</sup> Baixas das persoas traballadoras que se producen por vontade propia, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente, total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato no correspondente mes.

**MEDIA DO CADRO DE PERSOAL PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR QUÉ CONTRATACIÓNS SON SUBVENCIONABLES**

(A-B)/3 =

**CADRO DE PERSOAL NO MES DA CONTRATACIÓN**

MES DA CONTRATACIÓN

Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS

**DECLARA**

que as novas contratacións polas que se solicita subvención supoñen un incremento do cadro de persoal e que os datos consignados son certos e responden á evolución do cadro de persoal dos tres meses anteriores ao inicio da relación laboral (ou, se é o caso, á presentación da solicitude de axudas) das novas persoas traballadoras.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




ANEXO II-C

PROGRAMA DE FOMENTO DO CONTRATO PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (1)  
CONTRATOS PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO (1)

CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN S.S.

(1) cando se solicite subvención pola contratación de persoas traballadoras para máis dun centro de traballo na mesma provincia, indicárase o enderezo de todos eles

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

PROVINCIA:

RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

Apelidos e nome	NIF	Data de nacemento	Sexo	Tempo de desemprego	Data de inicio (1)	Custos salariais totais anuais

(1) Indíquese a data de inicio da relación laboral temporal

**DECLARA** que, como se acredita coa documentación que se xunta, as persoas traballadoras relacionadas cumpren os requisitos e condicións exixidos na orde de convocatoria para cada caso, e solicita a subvención correspondente ás contratacións que se indican.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS EN RÉXIME *DE MINIMIS*

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

a) Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

b) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 